# INFORME ANUAL de SEGUIMENTO

# Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio

## Curso Académico: 2012-13

# 1.- DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO

| DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO | |
|---|---|
| Denominación do título | Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio |
| Códigos identificativos (aplicación Verifica e MEC) | MEC-2501183, VERIFICA-1569/2009 |
| Rama de coñecemento | Ciencias Sociales y Jurídicas |
| Universidade solicitante | Universidade de Santiago de Compostela |
| Centro responsable das ensinanzas conducentes ao título ou, no seu caso, departamento ou instituto | Facultade de Xeografía e Historia |
| Centro onde se imparte o título | Facultade de Xeografía e Historia |
| No caso de títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade/s participante/s | ---- |
| Responsable do título | Decano da Facultade de Xeografía e Historia: Juan Manuel Monterroso Montero |
| Correo electrónico do responsable do título | zhisdeca@usc.es |
| Curso de implantación do título | 2009-2010 |
| Data última acreditación | 10-07-2009 |

## 2.- INFORMACIÓN PÚBLICA QUE A UNIVERSIDADE FACILITA DO TÍTULO

| CRITERIO | INFORMACIÓN PÚBLICA | WEB, ENLACES, APLICACIÓNS,... |
|---|---|---|
| **Descrición do título** | Denominación<br>Rama de coñecemento<br>Universidade solicitante<br>Centro responsable das ensinanzas conducentes ao título, ou no seu caso, departamento ou instituto<br>Centro/s onde se imparte o título<br>No caso de títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade/s participante/s<br>Tipo de ensinanza<br>Rexime de estudo<br>Periodicidade da oferta<br>Número de plazas de novo ingreso ofertadas<br>Número mínimo de créditos europeos de matrícula por estudante e periodo lectivo<br>Normas de permanencia<br>Información sobre a expedición do Suplemento Europeo ao Título<br>Responsable do título<br>Coordinador do título<br>Data da autorización da implantación do título pola Xunta de Galicia<br>Data publicación BOE<br>Data última acreditación<br>Memoria vixente do título<br>Informe final de avaliación previo á verificación | |
| **Xustificación** | Xustificación do título proposto, argumentando o seu interese académico, científico ou profesional<br>Referentes externos á Universidade<br>Descrición dos procedementos de consulta internos e externos utilizados para a elaboración do plan de estudos<br>Procedemento documentado para o establecemento, revisión e actualización da política e os obxectivos da calidade<br>Política de calidade<br>Obxectivos de calidade<br>Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro) | |

| CRITERIO | INFORMACIÓN PÚBLICA | WEB, ENLACES, APLICACIÓNS,... |
|---|---|---|
| **Competencias Obxectivos** | Obxectivos do título<br>Competencias xerais que os/as estudantes deben adquirir durante os seus estudos, e que sexan necesarias para outorgar o título<br>Competencias específicas que os/as estudantes deben adquirir durante os seus estudos, e que sexan necesarias para outorgar o título<br>Procedemento documentado para a definición, revisión e mellora dos obxectivos do plan de estudos<br>Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro) | |
| **Acceso e admisión de estudantes** | Demanda<br>Matrícula<br>Información previa á matriculación sobre acceso e admisión (criterios de acceso e admisión)<br>Procedementos de acollida e orientación dos/as estudantes de novo ingreso<br>Condicións ou probas de acceso especiais, se existen<br>Información sobre o apoio e orientación aos/ás estudantes<br>Información sobre a transferencia e recoñecemento de créditos<br>Información sobre o curso ponte ou de adaptación (deseño curricular, criterios e condicións de acceso), se existe<br>Información sobre os complementos formativos necesarios, en función da formación previa acreditada polo/a estudante, se fose o caso<br>Procedemento documentado para a selección, admisión e matriculación de estudantes<br>Procedemento documentado para a orientación aos/ás estudantes<br>Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro) | |
| **Planificación das ensinanzas** | Estrutura do programa formativo: denominación do módulo ou materia, contido en créditos ECTS, organización temporal, carácter obrigatorio ou optativo<br>Distribución temporal<br>Horarios<br>Mecanismos de coordinación docente<br>Infraestruturas<br>Guías docentes/Programación docente<br>Sistema de avaliación<br>Traballo fin de grao/máster (Comisión, convocatorias, etc.)<br>Procedemento documentado para a planificación e desenvolvemento da ensinanza<br>Procedemento documentado para a revisión e mellora do título<br>Procedemento documentado da oferta formativa<br>Composición, funcións e responsabilidades da comisión académica do título<br>Criterios de suspensión do título<br>Desenvolvemento da ensinanza<br>Procedemento documentado para a suspensión do título<br>Procedemento documentado para a xestión de incidencias, reclamacións e | |

| CRITERIO | INFORMACIÓN PÚBLICA | WEB, ENLACES, APLICACIÓNS,... |
|---|---|---|
| | suxestións<br>Procedemento documentado para a expedición de títulos oficiais<br>Perfil de ingreso recomendado<br>Perfil de egreso<br>Normativa académica do curso<br>Baremo empregado no proceso de admisión<br>Calendario de pre-inscripción<br>Listados de admitidos/excluidos (provisional, definitivo)<br>Información sobre o seguro escolar<br>Información sobre o servizo de asesoramento e promoción do/a estudante<br>Información sobre o servizo de apoio ao emprego<br>Información sobre cursos a estudantes<br>Información sobre actividades culturais, deportivas e de voluntariado<br>Información sobre a mobilidade<br>Información sobre as prácticas externas, se as houbese<br>Información sobre o plan de acción titorial<br>Normativa académica<br>Procedemento documentado dos perfís de ingreso/egreso e captación de estudantes<br>Procedemento documentado para a selección, admisión e matriculación de estudantes<br>Procedemento documentado de orientación aos/ás estudantes<br>Procedemento documentado de mobilidade dos/as estudantes<br>Procedemento documentado de prácticas externas, se as houbese<br>Procedemento documentado de orientación profesional<br>Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro) | |
| **Recursos humanos** | Descrición do profesorado<br>Descrición de outros recursos humanos necesarios e dispoñibles para levar a cabo o plan de estudos<br>Procedemento documentado da política do PDI e PAS<br>Procedemento documentado da xestión do PDI e PAS (captación, selección, formación, avaliación)<br>Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro) | |
| **Recursos materiais e servizos** | Aulas e seminarios<br>Espazo do persoal académico<br>Laboratorios<br>Salas de informatica<br>Salas de estudo<br>Outros espazos para os/as estudantes<br>Biblioteca<br>Servizos dispoñibles<br>Espazos para os/as representantes de estudantes | |

| CRITERIO | INFORMACIÓN PÚBLICA | WEB, ENLACES, APLICACIÓNS,... |
|---|---|---|
| | Outros equipamentos<br>Procedemento documentado da xestión dos recursos materiais<br>Procedemento documentado sobre a xestión dos servizos<br>Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro) | |
| **Resultados previstos** | Taxa de rendemento<br>Taxa de abandono<br>Taxa de eficiencia<br>Taxa de graduación<br>Outras taxas que o título fai públicas (SGIC)<br>Taxas de inserción laboral<br>Procedemento documentado para valorar o progreso e os resultados de aprendizaxe dos/as estudantes<br>Procedemento documentado de satisfacción, expectativas e necesidades<br>Procedemento documentado para a avaliación do aprendizaxe<br>Procedemento documentado para o control de resultados académicos<br>Procedemento documentado para a definición, revisión e mellora dos obxectivos do plan de estudos<br>Procedemento documentado de información pública<br>Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro) | |
| **Sistema de garantía da calidade** | Órgano responsable do sistema de garantía da calidade do título<br>De ser o caso, planificación estratéxica<br>Procedementos documentados de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado<br>Procedementos documentados para garantizar a calidade das prácticas externas e os programas de mobilidade<br>Procedementos documentados de análise da inserción laboral dos graduados e da satisfacción coa formación recibida<br>Procedemento documentado para o análise da satisfacción dos distintos colectivos implicados (estudantes, persoal académico e de administración e servizos, etc.)<br>Procedemento documentado para o análise e atención ás suxestións ou reclamacións<br>Procedemento documentado de suspensión/extinción do título<br>Manual do SGIC<br>Informe final de certificación do SGIC<br>Listado de documentos en vigor do SGIC<br>Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro) | |
| **Calendario de implantación** | Cronograma de implantación do título<br>Información sobre a adaptación, no seu caso, dos/as estudantes dos estudos existentes ao novo plan de estudos<br>Ensinanzas que se extinguen pola implantación do correspondente título proposto | |

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

## 3.- VALORACIÓN DO CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO E OS RESULTADOS OBTIDOS, DETECCIÓN DE BOAS PRÁCTICAS, DESVIACIÓNS E TOMA DE DECISIÓNS.

### Descrición do título

*Valorarase o criterio de "Descrición do título" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010).*

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**

| Satisfactoria | X | Suficiente | B | Insuficiente | C | Ausencia de evidencias documentais | D |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

Indicadores de referencia:

| Código | Nome | Valor | Última explotación |
|---|---|---|---|
| IN03-PC-05 - | Matrícula de novo ingreso | 49 | 02/10/2013-Anual-SIGC |
| IN01-PC-05 - | Prazas ofertadas | 60 | 02/10/2013-Anual-SIGC |
| IN04-PC-05 - | Variación matricula de novo ingreso | -10,91 | 02/10/2013-Anual-SIGC |
| IN02-PC-05 - | Matrícula | 128 | 02/10/2013-Anual-SIGC |
| IN29-PS-01- | Estudantes por profesor | 5,57 | 02/10/2013-Anual-SIGC |
| IN30-PS-01- | Media de alumnos por grupo de teoría | 29,66 | 02/10/2013-Anual-SIGC |
| IN31-PS-01- | Media de alumnos por grupo de práctica | 21,03 | 02/10/2013-Anual-SIGC |
| IN49-S01-PM-01 | Inserción laboral media (en meses) | 2,0 | 2008_2009-SUG |

Reflexión:

O Grado de Xeografía e Ordenación do Territorio da USC é un título ben definido, herdeiro da xa longa tradición da ensinanza da Xeografía en Galicia, co atractivo de ter incorporado como un dos seus activos importantes o âmbito da Ordenación do Territorio, que tanta demanda de emprego xenera na actualidade. Trátase dunha titulación única dentro do Sistema Universitario Galego. Isto, xunto coas boas perspectivas de empleabilidade (a titulación conta cunha das mellores perspectivas de empleabilidade de todas as do SUG, cun tempo medio para atopar emprego entre os seus egresados de 2 meses, segundo o informe "análise da inserción laboral dos titulados no SUG 2008-09"), levou a unha etapa de notable incremento do número de novos matriculados, que pasou de 26 no curso 2009-2010 aos 49 do 2012-13, aínda que tamén hai que apuntar que nos dous anos intermedios aos mencionados a matrícula foi de 62 (2010-2011) e 56 (2011-12).
A titulación non contaba con limitación de prazas ata o curso 2012-13, cando se estableceu por parte da Universidade unha limitación de 60 alumnos, que polo momento non foi necedario aplicar, pois parece que a demanda desta titulación está estabilizada en torno aos 50 alumnos, situación que parece óptima no sentido de poder seguir ofertando unha ensinanza de calidade en relación aos recursos humanos cos que conta a Titulación. Deste xeito parece superada, a lo menos de momento, a tendencia dos últimos anos de Licenciatura, onde a demanda dos estudios de Xeografía se situaba nun nivel moi inferior. A este respecto cabe indicar que dende o Departamento se iniciaron campañas de captación de alumnos (participación dun bo número de docentes no programa Aponte e en reunións xestionadas nos Institutos de ESO e Bacharelato: http://www.usc.es/es/perfis/futuros/aponte/) que deron os seus froitos, aínda que unha certa relaxación no último período lectivo (menos visitas a Institutos de ensinanza secundaria e bacharelato) tamén parece incidir nunha relativa caída do número de novos ingresos (-10,91 % no último ano académico), aínda que isto non impedíu seguir medrando na matrícula total da titulación: 128 no 2012-2013 (fronte a 111 alumnos o ano anterior, 78 no 2010-11, e 26 no 2009-10).
Polo que respecta ao resto da descrición do titulo de Grado en Xeografía e Ordenación do Territorio da Universidade de Santiago de Compostela, hai que apuntar que se adecúa ao establecido no primeiro capitulo da MVT, de acordo a cada un dos subapartados nos que se articula o capítulo e os procedementos descritos e establecidos, como non pode ser doutro modo, pois a posta en marcha do título requeríu dun intenso debate interno do Departamento e buscáronse os mecanismos mencionados nesa memoria para procurar a súa implantación, da que en xeral estamos moi satisfeitos, ao igual que nolo manifestan os alumnos en enquisas internas (do propio Departemento) que se lles pasaron no curso 2011-12 e 2012-13. Nelas por riba do 80 % móstranse satisfeitos ou moi satisfeitos co Grao (81 % na primeira data e 84 % na segunda), fronte a unha

resposta que superaba en pouco o 50 % no caso dos alumnos que cursan os últimos anos de licenciatura (enquisa realizada durante os dous últimos cursos no que se impartíu, 53 e 51 %, respectivamente).
En todo caso, podemos apuntar ao respecto que esta titulación establece un sistema de estudos baseado nun ensino-aprendizaxe presencial, no que se establece tres tipos diferenciados de horas de docencia (expositivas, interactivas e titorías en grupos reducidos), que se cumpren en todas as materias, o que permite unha maior proximidade ao alumno á vez que un maior seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe por parte do profesor, circunstancia apoiada pola existencia dunha baixa media de alumnos por profesor (5,57), aínda que está subindo de xeito rápido ao non cubrirse as varias xubilacións habidas (nos dous cursos precedentes esas medias fóran do 3,39 (2010-11) e 3,96 (2011-12).
O plan de estudios baséase no crédito ECTS (http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/titulacions.html?plan=12713&estudio=12714&codEstudio=12317&valor=9), do mesmo xeito que en todas as titulacións adaptadas ao marco europeo, tendo que cursar o alumno para rematar a titulación un total de 240 créditos ao longo de catro anos; igualmente a titulación organízase nunha serie de materias, nas que se trata de conseguir o equilibrio na formación dos alumnos, á vez que se cumpran con elas, os obxectivos e competencias que se expoñen na memoria do título. Esta situación vese favorecida polas boas medias de alumnos por grupo teórico (29,66) e práctico (21,03), o que favorece unha axeitada aplicación do Marco Europeo de Educación Superior nesta titulación. Así, nos tres primeiros anos de estudos, a distribución das materias aparece determinada por un carácter xeral, mentres que no último dos cursos, o cuarto, caracterizarse por un carácter máis específico para a formación do alumno, o que determina que na súa maioría se trate de materias optativas, á vez que se realizan as prácticas externas (non obrigatorias) (http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/pae.html) e se leva a cabo o Traballo fin de Grao (http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/tfg.html), no que o alumno debe demostrar a validez do procedemento de ensino-aprendizaxe que está presente na titulación.
Cabe apuntar que se contempla a posibilidade para un 15 % da matrícula de realizar a titulación a tempo parcial e que para obter o título de graduado (ao igual que no resto de titulacións da USC) cómpre superar o nivel b1 de inglés.
Noutra orde de asuntos, e malia a estar bastante satisfeitos os docentes e a comisión da titulación coa evolución das ensinanzas, si que se aprecia un certo descontento entre os alumnos de primeiro por ter poucas materias de natureza xeográfica e moitas de formación básica non directamente relacionadas coa titulación, de xeito que a idea da comisión da titulación, da coordinación da mesma e dos docentes, é a de camiñar cara unha modificación da memoria (nos prazos establecidos pola ACSUG ao efecto) no sentido de introducir máis materias de xeografía no primeiro curso e facer un reparto máis equitativo da formación básica nos dous primeiros cursos da titulación.

**BOAS PRÁCTICAS:**

1. Sistema de ensinanza presencial adaptado á aprendizaxe dunha disciplina de Ciencias Sociais, na que interacción e a proximidade entre o alumno e o profesor priman sobre o proceso de autoaprendizaxe
2. Respecto polo espírito do EEES, que levou a que nos dous primeiros cursos se teñan ampliado os grupos de alumnos de prácticas, con grupos propios de centro, por riba dos considerados e contabilizados polo vicerreitorado de Titulacións e PDI da USC. O obxecto foi o de ofrecer unha mellor calidade nos procesos de ensinanza-aprendizaxe e evitar a masificiación, aspecto que demostra o compromiso que teñen os docentes do grao co título que imparten máis alá do aforro persoal de impartir menos horas de docencia. Isto supón unha carga docente que sitúa aos profesores do Departamento de Xeografía moi por riba da media da Universidade, co engadido de ter que asumir a docencia dun gran número de materias.
3. Seguimento e análise do título por parte da Comisión de Calidade do Centro e da Comisión do Grao de Xeografía e Ordenación do Territorio
4. Información pública na web da Facultade do título (http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/titulacions.html?plan=12713&estudio=12714&codEstudio=12317&valor=9), actualizada de xeito continuo polos responsables.
5. Creación dun apartado de novidades na web do Centro (http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/) e na do Departamento de Xeografía (www.usc.es/xeograf) na que se recollen aqueles aspectos de interés que van xurdindo para os estudantes da titulación.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

**1. Inicio do proceso de revisión da memoria de verificación do título e actualización de todas as normativas aprobadas dende a verificación.**

- **Punto débil:** aínda que a satisfacción co título é elevada faise necesario unha revisión da memoria de verificación debido á entrada en vigor de múltiples normativas que cómpre introducir na mesma, ademáis do interese en reorganizar as materias básicas da titulación para que se distribúan entre os cursos 1º e 2º, e non case en exclusiva en primeiro como están ahora.
- **Ámbito de aplicación**: memoria do título
- **Responsable:** Decanato, Comisión do Título.
- **Obxetivos específicos:** actualización de todas as normativas específicas aprobadas dende a verificación do título e reordenación das materias básicas entre 1º e 2º de grao.
- **Actuacións a desenvolver:** Estudio, modificación, actualización e corrección da memoria orixinal

| | |
|---|---|
| | do título para mellorar aspectos que subsanen as deficiencias detectadas durante o proceso de implantación.<br>▪ **Período de execución:** inicio durante o curso 2013-2014 e remate en novembro de 2015 (prazo establecido para as modificacións), para que se produza a verificación da nova memoria no curso 2016-17.<br>▪ **Recursos/financiación:** No se precisan<br>▪ **Responsable do seguimento**: Coordinador de Grao, Decano do Centro.<br>▪ **Indicadores de execución:** nomeamento da comisión redactora da memoria de verificación do título no curso 2013-14. Proposta de modificación da memoria (novembro de 2015) para o posterior envío á verificación.<br>▪ **Indicador final:** Informe de verificación. |

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| | |

## Xustificación

*Valorarase o criterio de "Xustificación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Política e obxectivos de calidade da formación" do Programa FIDES-AUDIT.*

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**

| Satisfactoria | X | Suficiente | B | Insuficiente | C | Ausencia de evidencias documentais | D |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

Indicadores de referencia:

| Código | Nome | Valor | Última explotación |
|---|---|---|---|
| IN03-PC-05 | –Matrícula de novo ingreso | 49 | 02/10/2013-Anual-SIGC |
| IN04-PC-05 | –Variación matricula de novo ingreso | -10,91 | 02/10/2013-Anual-SIGC |
| IN10-PC-05 | –Relación de estudiantes preinscritos sobre as prazas ofertadas | 45 | 02/10/2013-Anual-SIGC |
| IN12-PC-05 | –Porcentaxe de matriculados de novo ingreso sobre prazas ofertadas | 81,67 | 02/10/2013-Anual-SIGC |
| IN49-S01-PM-01 | Inserción laboral media (en meses) | 2,0 | 2008_2009-SUG |

Reflexión:

Título sobradamente xustificado como consecuencia de ser o único Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio que existe no mapa de titulacións do Sistema Universitario de Galicia. A documentación da xustificación do título, de acordo ao seu interese académico, científico e profesional, e aténdose a referentes externos que avalasen a adecuación da proposta tanto ao marco nacional como ao internacional con respecto a títulos similares, así como a descrición dos procedementos internos e externos usados para a elaboración do plan, segue o capítulo 2 da MVT (ver referente A) e os procedementos fixados no Manual de procedementos para o relativo ao deseños do título, á planificación estratéxica do centro e á política de obxectivos de calidade do centro. Dende a redacción do título e a súa posta en funcionamento tense advertido unha crecente demanda laboral e social nos asuntos relacionados co territorio, sobre todo nos relativos á ordenación e planificación territorial, ámbitos nos que se forma de manera axeitada aos egresados desta titulación. Deste xeito os referentes externos supoñen un prestixio crecente dos titulados, cunha alta inserción laboral mesmo na situación de crise actual (ver indicador IN49-S01-PM-01).

Podemos apuntar tamén que o Departamento de Xeografía da Universidade de Santiago de Compostela conta cunha longa tradición na ensinanza e na investigación en Xeografía e Ordenamento Territorial, que afonda as súas raíces na cátedra que ostentara hai xa máis de 60 anos o insigne D. Ramón Otero Pedrayo. Na actualidade o departamento está integrado por unha quincena de profesores, de tres áreas de coñecemento: Xeografía Física, Xeografía Humana e Análise Xeográfica Rexional. A Xeografía é unha ciencia antiga, pero con moito futuro. Na actualidade conta cunha notable proxección social e laboral. Existe un crecente interese en asuntos territoriais de primeira magnitude como o cambio climático, o desenvolvemento sostible, a degradación ambiental, a desigualdade social ou as migracións e a mobilidade da poboación, entre outros. É por iso que a Xeografía tense convertido nunha das máis relevantes ensinanzas que se poden sen dúbida escoller para facer estudios universitarios, porque non se trata só dun coñecemento sumamente interesante en si mesmo, senón tamén con relevantes perspectivas de empleabilidade. Existe unha demanda crecente de profesionais que teñan algo que aportar ao coñecemento do territorio, á súa ordenación, organización e que poidan interpretar de xeito adecuado as relacións entre o local e o global, habilidades todas elas que son básicas nos xeógrafos.

Sen embargo e malia ao apuntado, adoita haber un descoñecemento bastante xeralizado, a excepción dos ambientes interdisciplinares relacionados coa ordenación territorial e estudios ambientais, dos contidos e proxección laboral e social da profesión de xeógrafo. É por iso que a demanda de estudiantes non medra de acordo coas oportunidades laborais e boa formación que se obtén con esta titulación. Así, os datos de novo ingreso (49 alumnos no 2012-2013 que fai que ratio de matriculados de novo ingreso fronte ás prazas ofertadas acade a cifra do 81,67 %, fronte aos 56 alumnos do 2011-2012 e aos 62 do 2010-2011) fan que sexa necesario traballar na consolidación dunha media de alumnos en primeiro curso que se sitúe entre 50 e 55 alumnos. Por outra banda, outra das debilidades da titulación é o feito de que os alumnos preinscritos en relación ás prazas ofertadas esté por debaixo do 50 % (ver indicador IN10-PC-05), aspecto que está en relación coa chegada trala convocatoria de selectividade de setembro dun importante número de alumnos. É por iso que se traballará máis nos próximos tempos na captación de alumnos en bacharelato, pero tamén e sobre todo en secundaria (cando aínda non teñen decidido en moitos casos os estudios que farán no futuro), visitando os institutos e explicándolles en que consisten os estudios en xeografía e a proxección social e laboral para as que habilitan.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**BOAS PRÁCTICAS:**

1. Boa adecuación dos contidos da titulación ás necesidades actuais do mundo laboral, cunha moi boa capacitación técnica, teórica e práctica para desenvolver as tarefas inmediatas que precisan as empresas e institucións que demandan profesionais para o traballo sobre o territorio.
2. Fantásticas referencias externas e internas sobre a necesidade e interés desta titulación. Destaca a existencia dun Colexio de Xeógrafos (estatal e con delegación autonómica) que vela polos intereses dos titulados en relación ao mercado laboral.
3. Gran implicación de empresas, institucións e entidades públicas e privadas nas prácticas externas, cunha oferta de prácticas que en non poucas ocasións serven de entrada directa para permanecer despois nesas empresas como empregados.
(http://www.usc.es/export/sites/default/en/centros/xeohistoria/descargas/Relacixn_de_convenios.pdf)

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

1. **ELABORACIÓN POR PARTE DO CENTRO DUN PLAN ESTRATÉXICO, UNHA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL E UN PLAN DE MELLORA DO CENTRO.**
   - **Punto débil:** A inexistencia dun plan estratéxico, dunha programación plurianual e dun plan de mellora no centro repercute na titulación. A existencia dun SGIC complexo fixo que non se puidese implantar ate o de agora un plan estratéxico.
   - **Ámbito de aplicación**: Facultade de Xeografía e Historia, con repercusión para todas as titulacións que se imparten neste centro
   - **Responsable:** Decanato, Comisión de SGIC, Xunta de Facultade
   - **Obxetivos específicos:** definir as liñas de acción e de interese actual para o título para planificar o futuro próximo tendo en conta as novas esixencias sociais e científicas do s. XXI.
   - **Actuacións a desenvolver:** Plan Estratéxico
   - **Período de execución:** xuño 2014.
   - **Recursos/financiación:** No se precisan
   - **Responsable do seguimento**: Decanato, Comisión de Calidade.
   - **Indicadores de execución:** nomeamento da comisión redactora do plan estratéxico.
   - **Indicador final:** aprobación e posta en funcionamento do Plan Estratéxico.

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| | |

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

## Competencias/Obxectivos

*Valorarase o criterio de "Competencias" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Obxectivos do plan de estudos" do Programa FIDES-AUDIT.*

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**

| Satisfactoria | X | Suficiente | B | Insuficiente | C | Ausencia de evidencias documentais | D |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:

Indicadores de referencia:

| Código | Nome | Valor | Última explotación |
|---|---|---|---|
| IN50-S01-PM-01 | Satisfacción do alumnado coa docencia recibida | 3,87 | 02/10/2013-Anual-SIGC |
| ------------------ | Enquisa de Satisfacción de Egresados. Títulos de Grao USC. Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade. | 3,58 | 02/10/2013 |
| -------------------- | Enquisa PAE. Facultade de Xeografía e Historia | 4,72 | 02/10/2013-Anual-Facultade Xª e Hª |

Reflexión:

Tal e como figura na relación de textos da memoria de verificación do título de Grao de Xeografía e Ordenación do Territorio, se recollen unha serie de obxectivos, tanto de carácter xenérico como específicos e transversais, nos que se incardinan unha serie de competencias, tanto especias como específicas que son un dos piares fundamentais do sistema de ensino-aprendizaxe nesta titulación.

As competencias e obxectivos quedan recollidos en cada programa das materias da titulación. Eses programas están supervisados pola coordinador ou coordinadora de cada curso, e son revisadas pola Comisión do Título previamente á aprobación dos programas polo Consello de Departamento e a Xunta de Facultade. Eses programas son públicos e están accesibles dende a web da Facultade (http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/programas.html?plan=12713). A maiores desas programacións o centro solicita a entrega voluntaria aos profesores e profesoras da guía docente, na que se recolle de forma máis ampla e pormenorizada a relación entre obxectivos, competencias e contidos das materias.

Para potenciar a correcta adquisición das competencias por parte dos alumnos traballouse bastante no último ano (xa se fixera con anterioridade, pero remarcouse no último período lectivo 2012-2013) na coordinación dos contidos das materias e o traballo conxunto das mesmas na procura continuada nas diferentes materias para que alumnos traballen os aspectos técnicos que se deben coñecer en profundiade á hora de inserirse no medio laboral.

A satisfacción do alumnado coa docencia recibida na titulación é boa: 3,87 (valorada sobre 5 puntos), por riba da media do centro no que se imparte o título (3,65) e da rama de coñecemento de Humanidades (3,65). Respecto de outros anos mantense en niveles altos e parellos, pois acada o mesmo valor que no curso 2011-2012 (3,87) e, aínda que non sexan comparables polo cambio no procedemento de medición, semellante aos cursos 2010-2011 cando se obtivo un 5,2 sobre 7; e, 2009-2010 con un 5,53 sobre 7 (cómpre apuntar aquí que se a puntuación antes sinalada de 3,87 sobre 5 a transformásemos ao que equivaldría sobre 7 o resultado sería un 5,4).

Neste mesmo orden de cousas debemos mencionar o informe da enquisa de satisfacción de egresados/as dos títulos de Grao da USC (2012), elaborado pola Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade. Nel as titulacións da Facultade de Xeografía e Historia (das que ofreceu datos conxuntos) contan cunha valoración en canto á satisfacción xeral na adquisición/potenciación de competencias de 3,58 sobre un máximo de 5; quedando por riba desa media ou igualándoa as competencias específicas de capacidade para a aprendizaxe (3,62); pensamento crítico (3,65); comunicación oral/escrita (3,61); traballo en equipo (3,75); traballo independente (3,98); traballo baixo presión (3,92); capacidade de análise (3,68); asumir responsabilidades (3,8); capacidade para resolver problemas (3,75); e, capacidade de planificación, coordinación e organización (3,58). Por debaixo da media tan só quedan tres, e sempre en valores aceptables: iniciativa (3,29); creatividade (2,90) e capacidade de liderado (3,02).

Por outro lado anunciouse como proposta de mellora no informe anterior (2011-2012) a elaboración dunha enquisa entre os responsables de acoller aos alumnos de prácticas en empresas e institucións (PAE). A enquisa non se fixo como tal, pero si se levou a cabo por parte dos titores de prácticas conversas previamente acordadas co Coordinador do Título, nas que se indagaba sobre o grao de consecución de competencias dos alumnos á hora de enfrentarse a esas prácticas. A resposta foi unánime e de gran alegría para a titulación, pois se transmitiu dende as empresas e institucións que os alumnos de Xeografía e Ordenación do Territorio teñen

unha gran calidade formativa en custeións técnicas e nos procesos de traballo que se demanda na análise territorial, tendo que dedicarlles moi pouco tempo na adecuación aos postos que desenvolveron en prácticas. Nesas conversas tamén se nos transmitiu que se notaba un gran progreso en competencias técnicas e analíticas dos alumnos de grao respecto dos da antigua licenciatura que tamén desenvolveran xa prácticas nun bo número das empresas e institucións de prácticas deste primeiro ano en que se levaron a cabo na facultade. Ademáis, dende a coordinación de prácticas externas da Facultade de Xeografía e Historia, levouse a cabo unha pequena enquisa para coñecer a satisfacción do alumnado coa realización das PAE (http://www.usc.es/export/sites/default/en/centros/xeohistoria/descargas/Resultados_2012-13.pdf), obténdose no caso de Xeografía uns excepcionais resultados que parecen indicar de xeito indirecto unha axeitada adquisición de competencias no eido profesional. Así os alumnos de prácticas, nunha valoración de 1 a 5 puntuaron a organización das prácticas externas cun 4,18; o grao de satisfacción xeral coas PAE foi de 4,72; valorando aos empregadores (as empresas) cun 4,72 e aos titores académicos de PAE cun 4,72.
O éxito do proceso de prácticas e a satisfacción dos empregadores é alto, pois logrouse incrementar o número de empresas e institucións interesadas en que alumnos de Xeografía e Ordenación do Territorio poidan facer nelas as súas prácticas, no curso 2012-2013 ascenderon a 33 empresas e institucións, das que 12 foron novas respecto das que acollían alumnos da extinta licenciatura:
(http://www.usc.es/export/sites/default/en/centros/xeohistoria/descargas/Relacixn_de_convenios.pdf).
Tamén se pode facer un achegamento á adquisición de competencias en relación aos traballos de fin de grao (http://www.usc.es/export/sites/default/en/centros/xeohistoria/descargas/Resultados_TFG_2012-13.pdf).
Presentaron o traballo 7 alumnos de 11 que se matricularon en 4º curso de grao (sen embargo só 9 poderían terse presentado debido a que é necesario superar todos os créditos para facelo), de xeito que foron o 64 % dos alumnos matriculados en 4º curso, e o 82 % dos que poderían terse presentado por superar todas as materias a cursar durante o grao. A nota media dos traballos foi de 6,4 puntos sobre 10.

**BOAS PRÁCTICAS:**

1. Revisión das programacións pola Comisión do Título previa á aprobación posterior das mesmas polo Consello de Departamento e a Xunta de Facultade.
2. Realización dunha enquisa propia para avaliar o grado de satisfacción das PAE.
3. Accións transversais entre materias para a realización de traballos que incidan nas competencias técnicas e analíticas de xeito global e non en compartimentos estancos materia por materia.
4. Realización dun curso de competencias informacionais sobre a procura de bibliografía na rede e sistemas de citas bibliográficas destinado aos alumnos (organizado pola Facultade).
5. Mantemento da información pública e actualizada sobre os obxectivos da titulación.
6. Compromiso dos responsables da titulación, do profesorado e do persoal de Administración na consecución das competencias do título.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| No informe de 2011-2012 propoñíamos crear unha enquisa, entre grupos de interese da titulación para recabar información sobre a adqusición das competencias por parte do alumnado egresado. | Non foi posible facer a enquisa como propoñiamos pois no 2012-2013 saíu a primeira promoción de egresados do título e non houbo tempo a que demostrasen a adquisición desas competencias no mundo labora, pero non obstante si se fixo a consulta nas empresas e institucións onde os nosos alumnos realizaron as prácticas, con resultados sumamente satisfactorios, pois os empregadores indicaron que apenas tiveron que dedicar tempo á formación/explicación de competencias técnicas aos alumnos de Xeografía e Ordenación do Territorio. Indicaron unha axeitada formación en todos os aspectos necesarios para desenvolver calquera traballo que se lles encomende relacionado coa ordenación territorial ou coa análise espacial. |

## Acceso e admisión de estudantes

*Valorarase o criterio de "Acceso e admisión de estudantes" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Política e procedementos de admisión" do Programa FIDES-AUDIT.*

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**

| Satisfactoria | A | Suficiente | X | Insuficiente | C | Ausencia de evidencias documentais | D |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

Indicadores de referencia:

| Código | Nome | Valor | Última explotación |
|---|---|---|---|
| IN02-PC-05 | Matrícula | 128 | 02/10/2013-Anual-SIGC |
| IN03-PC-05 | Matrícula de novo ingreso | 49 | 02/10/2013-Anual-SIGC |
| IN04-PC-05 | Variación matricula de novo ingreso | -10,91 | 02/10/2013-Anual-SIGC |
| IN05-PC-05 | Porcentaxe de estudiantes que acceden á titulación con puntuación menor a seis | 40,82 | 02/10/2013-Anual-SIGC |
| IN06-PC-05 | Nota media de acceso por preinscrición | 6,48 | 02/10/2013-Anual-SIGC |
| IN07-PC-05 | Porcentaxe de estudiantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis | 59,18 | 02/10/2013-Anual-SIGC |
| IN08-PC-05 | Porcentaxe de estudiantes estranxeiros sobre matriculados | 1,56 | 02/10/2013-Anual-SIGC |
| IN09-PC-05 | Porcentaxe de estudiantes de fóra de Galicia sobre matriculados | 3,12 | 02/10/2013-Anual-SIGC |
| IN10-PC-05 | Relación de estudiantes preinscritos sobre as prazas ofertadas | 45 | 02/10/2013-Anual-SIGC |
| IN12-PC-05 | Porcentaxe de matriculados de novo ingreso sobre prazas ofertadas | 81,67 | 02/10/2013-Anual-SIGC |

Reflexión:

O acceso á titulación se atopa habilitado para os alumnos que de forma xeral superaron as probas de acceso á Universidade, tanto desde o bacharelato como para aqueles específicos que contan con experiencia profesional ou os maiores de coarenta anos, para o que se organiza un sistema de información e difusión da titulación, nos que se realizan charlas en distintos centros galegos, por medios xa establecidos como é o programa A Ponte, que se complementa con contactos xestionados dende o propio Departamento na procura de institutos de secundaria e bacharelato nos que difundir o Grao. Neste sentido, a presentación que se emprega nos centros de ensino secundario e bacharelato está colgada na web do centro: (https://dl.dropboxusercontent.com/u/32986151/presentaci%C3%B3n%20grao%20xeografia.pdf).
Esta información compleméntase con aquela que ofrece a propia Universidade a través do mantemento da páxina web, na que aparece información polo miúdo do procedemento de matrícula. Ao tempo, tamén figura información detallada da titulación na páxina web da Facultade de Xeografía e Historia, coas materias que se imparten, as programacions e os seus horarios, ao tempo que a información básica do propio centro no que se cursa (http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/graoxeo.html). Información que se complementa coa posibilidade de recabar información persoal por parte dos estudiantes cos responsables do centro ou da titulación
Unha vez matrículados, os estudantes de todos os cursos contan, na primeira semana do curso, tal e como figura no seu horario oficial, cunha sesión informativa de presentación do grao que é levada a cabo polo coordinador da titulación e os responsables do centro, na que se lles explican en que consiste a titulación e os requisitos mínimos para a súa superación. Ademáis, explicáselles tamén, as infraestruturas presentes no centro e das que poderán dispor e utilizar e o seu funcionamento administrativo, co fin de que podan superar calquer dificultade que se lle presente nun momento determiñado ao tempo que comprendan o funcionamento básico dun centro pertenecente á Universidade.
Estas actividades de presentación, que tenden a facilitar a inserción dos alumnos na titulación, no centro e por extensión na Universidade, compleméntanse durante o desenvolvemento do primeiro curso do grao coa organización e reunións cuadrimestrais entre os alumnos e coordinadores de curso e grao para verificar posibles problemas xurdidos.
Por outro lado tense implantado na Facultade, para todas as titulacións, entre as que se inclúe

Xeografía e Ordenación do Territorio o programa alumno-Titor, desenvolvido ao abeiro do Programa A Ponte (http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/modules/news/news_0001.html), no que alumnos dos cursos máis avanzados axudan aos do primeiro curso con todos os problemas de ubicación, loxísticos e de adaptación á nova situación que é para eles a entrada na universidade. Por outra parte o centro tamén está adherido ao plan de acción titorial da USC, de xeito que os estudiantes de Xeografía e Ordenación Territorial poden acceder ao mesmo se o desexan.

Tal e como xa se apuntou no primeiro punto desta memoria, a matrícula da titulación estableceuse no 2012-2013 en 128 alumnos (fronte a 111 alumnos o ano anterior, 78 no 2010-11, e 26 no 2009-10), incremento acorde con tratarse do último ano de implantación completa da titulación (os catro cursos xa en funcionamento) e que probablemente incida en que a partir do momento actual a estabilidade dese dato sexa maior. Ingresaron 49 alumnos na titulación neste último curso, téndose producido unha lixeira baixada neste senso, que como apuntamos no seu momento se tentará cambiar con accións de mellora específicas. Ao ter establecido o límite de alumnos na titulación en 60 alumnos a ratio de estudiantes matriculados sobre as prazas ofertadas situouse algo por riba do 81 %. A nota media de acceso por preinscripción foi bastante boa tendo en conta que non se cubriron a totalidade das prazas ofertadas, pois situouse no curso 2012-2013 en 6,48. Deste xeito, practicamente os 60 % dos alumnos de novo ingreso tiveron unha nota media na selectividade por riba do 6, que se pode considerar aceptable. O número de estranxeiros (1,56 %) e de estudantes de fóra da CC.AA (3,12) entre os de novo ingreso, sen ser excesivo si pode calificarse como adecuado, ou mesmo algo por riba, das medias que presentan as titulacións da USC.

Un dato no que pensamos que debemos mellorar é o da porcentaxe de estudiantes preinscritos sobre as prazas ofertadas (45 %). Este dato está na liña do comentado en apartados anteriores de que malia á excelente inserción laboral dos egresados e á versatilidade das ensinanzas da titulación, estas son bastante descoñecidas por amplas capas do espectro social, de aí que as campañas de divulgación que se están a levar a cabo dende o Departamento de Xeografía e ás visitas a centros de ensino secundario e bacharelato que se pretenden incrementar e sistematizar, tentarán mellorar este indicador de cara o futuro.

**BOAS PRÁCTICAS:**

1. Apertura ao acceso de alumnos con diferentes perfís, tanto de idade como profesionais
2. Mantemento e actualización de páxina web, coa información xeneralizada e detallada da titulación.
3. Reunións de presentación cos alumnos do Grao, fixados no horario oficial do Grao.
4. Atención personalizada ao alumnado, por parte dos responsables da titulación e do centro. Para resolver todas as dudas que se plantexan sobre o procedemento de acceso e admisión á hora de realizar a matrícula.
5. Participación no programa A Ponte, para difusión da titulación nos centros de ensinanza secundaria. Complementación deste programa con visitas a centros de secundaria xestionados polo propio Departamento.
6. Continuación do programa alumno-titor, dentro do Programa A Ponte, posto en marcha no curso 2012-2013 con bos resultados.
7. Presentación multimedia de información sobre a titulación para os alumnos que empezan.
8. Mantemento e actualización do Plan de Acción Tutorial de la USC.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

1. **CAMPAÑA DE CAPTACIÓN DE ALUMNOS PARA A TITULACIÓN DE XEOGRAFÍA E ORDENACIÓN DO TERRITORIO**
   - **Punto débil:** A matrícula de primeiro curso sofre oscilacións, non alarmantes pero que esixen actuacións para consolidar unha media de alumnos de novo ingreso situada no entorno dos 55 estudiantes.
   - **Ámbito de aplicación**: Institutos de ensino medio e bacharelato da CCAA.
   - **Responsable:** Comisión da Titulación e profesores da titulación.
   - **Obxetivos específicos:** dar a coñecer a amplitude dos estudios de Xeografía e a orientación cara a temas ambientais e de ordenación do territorio, descoñecidas na sociedade, e transmitir a excelente taxa de empleabilidade coa que contan os egresados do título debido á enorme demanda actual e previsiblemente futura en temas de ordenación territorial e medioambiental.
   - **Actuacións a desenvolver:** Visitas programadas aos centros mencionados e transmisión das ideas apuntadas aos últimos cursos de secundaria e aos de bacharelato, tanto das ramas de ciencias como de humanidades.
   - **Período de execución:** ano 2014.
   - **Recursos/financiación:** No se precisan
   - **Responsable do seguimento**: Comisión da Titulación, Decanato, Departamento de Xeografía.
   - **Indicadores de execución:** seguimento da matrícula dos vindeiros anos e comprobar a procedencia dos novos matriculados (ver se chegan dos centros visitados previamente).
   - **Indicador final:** aumento e estabilización da matrícula de alumnos de novo ingreso.

| | |
|---|---|
| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
| | |

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

| Planificación das ensinanzas | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de "Planificación das ensinanzas" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Planificación da ensinanza", "Garantía da calidade dos programas formativos" e "Xestión do proceso de ensinanza-aprendizaxe" do Programa FIDES-AUDIT.* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **X** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

Indicadores de referencia:

| Código | Nome | Valor | Última explotación |
|---|---|---|---|
| IN16-PC-08 | Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados | 1,56 | 02/10/2013-Anual-SIGC |
| IN17-PC-08 | Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados | 10,94 | 02/10/2013-Anual-SIGC |
| IN21-PC-09 | Estudantes egresados do título nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizaron prácticas en empresas e institucións, sobre o total de estudantes egresados dese título no mesmo curso académico. | 100 | 02/10/2013-Anual-SIGC |
| IN50-S01-PM-01 | Satisfacción do alumnado coa docencia recibida | 3,87 | 02/10/2013-Anual-SIGC |
| ------------ -- | Enquisa PAE. Facultade de Xeografía e Historia | 4,72 | 02/10/2013-Anual-Facultade de Xª e Hª. |
| -------------------- | Enquisa de Satisfacción de Egresados. Títulos de Grao USC. Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade. Porcentaxe de egresados/as que volverían a cursar o título. | 3,58 | 02/10/2013 |

Reflexión:

De acordo coa normativa vixente, o Grao de Xeografía e Ordenación do Territorio ofrece un total de 282 créditos dos que o alumno debe de cursar 240, en catro anos, dos que cada curso debe de cursar 60 (http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/titulacions.html?plan=12713&estudio=12714&codEstudio=12317&valor=9). Estes créditos divídense en función das materias, todas elas cuatrimestrais, en varios campos: materias de formación básica, (66 créditos), materias obrigatorias (132 créditos), materias optativas, entre as que se contempla as prácticas externas (6 créditos) e o Traballo Fin de Grao (12 créditos). Estas materias agrúpanse nunha serie de módulos: Formación Básica (66 ECTS), Teoría, Métodos e Técnicas Instrumentais (48 ECTS), Dinámicas naturais e Antrópicas do Territorio (66 ECTS) e Ordenación do Territorio (30 ECTS). Ademáis, para obter o título de grao os alumnos necesitan obter competencias acreditadas do nivel de inglés B1. O desenvolvemento das materias faise cunha primeira parte intensiva de contidos teóricos durante as dúas primeiras semanas de curso (a razón de 4 horas semanais), para a partir dese momento comezar cun desenvolvemento equilibrado de aulas teóricas e interactivas, de xeito que se son materias técnicas o alumno terá dúas horas de práctica interactiva semanais fronte a unha teórica, e se se trata dunha materia non instrumental o desenvolvemento é inverso, é dicir, 2 horas semanais de clase expositiva e 1 hora de clase interactiva. Por outra banda, está programado que cada materia teña unha saída de campo programada (moitas veces realizadas conxuntamente entre varias materias), que se denvolven os venres. Ademáis, o último venres do cuatrimestre se desenvolven tutorías personalizadas nas que se traballan aspectos en grupo reducido seguindo o espíritu do Espacio Europeo de Educación Superior.

O Centro está a desenvolver para os alumnos do último curso das diferentes titulacións, entre as que se atopa a de Xeografía e Ordenación do Territorio unhas xornadas de orientación laboral e saídas profesionais, nas que se informa aos mesmos tanto por parte do profesorado da titulación como de invitados procedentes do mundo laboral, cales son as posibilidades para unha rápida e axeitada inserción no mercado laboral. Ao mesmo tempo,

os alumnos deste último curso teñen información dispoñible na web do centro (http://www.usc.es/export/sites/default/en/centros/xeohistoria/descargas/Xornadas_profesionais_2013.pdf), tanto das normas para desenvolver o Traballo de Fin de Grao como das liñas de traballo e dos títulos defendidos no curso anterior para que lle poidan servir de referencia sobre a orientación dos mesmos (http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/tfg.html).

Dende a coordinación do Grao, e o Departamento que o soporta, estase moi satisfeito coa marcha do plano de estudios, nótase unha capacitación técnica para o mercado laboral superior entre os estudiantes de grao respecto dos de Licenciatura, pois se ven traballando moito máis a coordinación entre as materias e o establecemento de mecanismos de introducción nas prácticas e traballos das ferramentas técnicas transversais que deben manexar os titulados en xeografía.

Por iso estanse a potenciar os procedementos e mecanismos de seguimento de cada un dos cursos mediante unha maior axilización das relacións e intercambios de información entre o alumnado e a Coordinación do Grao e dos distintos coordinadores de Curso. Para isto puxéronse en marcha durante o curso 2012-2013 reunións cuadrimestrais de cada un dos cursos de grao co seu respectivo coordinador, para que poidan transmitir de primeira man os posibles desaxustes, problemas e tamén, por suposto, os aspectos positivos a manter e potenciar. Posteriormente faranse reunións dos coordinadores de curso de maneira conxunta co coordinador de grado para establecer as conclusións pertinentes e tomar as medidas oportunas aos resultados das reunións previas parciais (curso por curso) cos alumnos.

Tal e como se adiantou no punto relativo ás competencias, para potenciar a correcta adquisición das mesmas por parte dos alumnos traballouse bastante no último ano no relativo á planificaión das ensinanzas (xa se fixera con anterioridade, pero remarcouse no último período lectivo 2012-2013) na coordinación dos contidos das materias e no traballo conxunto das mesmas na procura continuada de que os alumnos traballen os aspectos técnicos que se deben coñecer en profundiade á hora de inserirse no medio laboral. Neste sentido afondouse na coordinación das prácticas das diferentes materias para que os alumnos fagan traballos continuados aplicando os seus coñecementos de maneira transversal en diferentes materias (con traballos conxuntos) e non teñan que achegarse ás diferentes temáticas como se fosen comportamentos estancos. Na mesma liña fíxose un traballo de coordinación intenso para as salidas de campo, procurando que na maior parte dos casos se fagan de maneira conxunta para as materias do mesmo curso e semestre, de xeito que a saída se convirta en si mesma na resolución de problemas ou na acotación de necesidades de actuación dende diferentes prismas de un todo holístico. Esas coordinacións fixéronse tanto en vertical como en horizontal, é dicir, planificáronse primeiro entre o Coordinador do Grao e os coordinadores de curso, para establecer os ámbitos de visita e traballo en cada saída, e logo entre os coordinadores de curso e os profesores dese curso para abordar os aspectos concretos a desenvolver e resolver nas saídas de campo.

O desenvolvemento dos diversos obxectivos e competencias das diferentes materias da titulación figura na programación docente das mesmas, así como nas guías docente de cada unha delas que se atopa a disposición dos alumnos no Campus virtual da USC.

Todo isto refléxase nunha exitosa satisfacción do alumnado coa docencia recibida, como xa se comentou en apartados anteriores.

A titulación móstrase atractiva no exterior, pois recibe case un 11% dos seus matriculados dende programas de mobilidade (ERASMUS, SICUE-SENECA, etc.). Esta circunstancia parece estar relacionada co funcionamento da recomendación por parte dos que se trasladan a cursar un ano dende o exterior, pois os lugares de procedencia adoitan ser bastante fixos. Sen embargo, a saída cara fóra de alumnos da titulación mediante os mesmos programas de intercambio é moito máis modesta (1,56 %), que quizáis se explique polo pouco tempo de implantación do grao, pois na licenciatura xa extinguida esa porcentaxe era bastante superior.

A importancia que os alumnos lle dan ás prácticas externas é moi alta, de xeito que todos os alumnos cursáronas no curso 2012-2013, e iso malia a non ser obrigatorias. Ademáis, tal e como se comentou no apartado de competencias, a satisfacción dos alumnos coas mesmas foi moi elevada.

Outro aspecto relevante a indicar é un dos ítems que se poden consultar na enquisa de satisfacción de egresados/as (2012), pois nela os egresados do centro, entre os que se encontran os de Xeografía e Ordenación do Territorio, indican que un 78,95 % dos mesmos volvería a cursar o título unha vez finalizado. Esto indica un elevado índice de satisfacción e unha axeitada programación das ensinanzas.

**BOAS PRÁCTICAS:**

1. Publicación dos horarios na web da Facultade en formato de cuadrante (http://www.usc.es/export/sites/default/en/centros/xeohistoria/descargas/Grao_en_Xeografxa.pdf) para clarificar os horarios xerais que aparecen na web da Universidade e facilitar a comprensión dos mesmos por alumnos e docentes.
2. Coordinación polo miúdo entre o Departamento de Xeografía e o Decanato nos aspectos relacionados coa planificación do ensino (Programacións de materias, PDA e POD).
3. Mantemento de información pública relativa á planificación da titulación, na paxina web do centro na que se recollen os datos de todas as titulacións ofertadas no mesmo, no que se especifica o PDA da titulación, o POD e as diferentes programacións nos dous idiomas oficiais da USC e en inglés, para facilitar a adecuación á política de internacionalización.
4. Aposta polo mantemento das titorías personalizada, tal e como está establecido na MVT, por entender que son un mecanismo perfecto para o seguimento da avaliación continua ao alumnado.
5. Manter os grupos de docencia interactiva de tamaño reducido (20 alumnos por grupo), aínda que a Universidade permita a Departamentos moi cargados de docencia como o de Xeografía subir a ratio ao dobre de alumnos por grupo. Isto conleva crear grupos de centro, que a Universidade non contabiliza.

6. Elaboración de un regulamento para os Traballos Fin de Grao de Xeografía e Ordenación do Territorio, e a difusión do mesmo a través da páxina web.
7. Elaboración e promoción de convenios para a realización dos estudiantes das prácticas externas en empresas e elaboración do regulamento e do calendario de implantación previsto
8. Efectuar reunións de coordinación entre os profesores que imparten docencia nos diferentes cuadrimestres e xuntanzas cos coordinadores para planificar o contido do cuatrimestre docente e da realización de actividades complementarias nas diferentes materias, cunha coordinación horizontal e vertical efectiva entre a coordinación de Grao e coordinadores de curso e profesorado, tanto na docencia en aula como nas saídas de campo.
9. Acceso á información específica sobre obxectivos, contidos, metodoloxía e avaliación presentes nas programacións de cada materia e disponibles na paxina web do centro.
10. Complemento da ensinanza presencial por medio da utilización, por parte dos profesores do Campus virtual da USC, no que figuran en cada unha das materias as Guías Docentes, aprobadas pola Xunta de Facultade do Centro.
11. Potenciación das prácticas de campo, como instrumento esencial para aprendizaxe dos procesos que acontecen no territorio.
12. Financiamento propio do centro, malia aos problemas económicos actuais, para seguir ofrecendo prácticas de campo aos alumnos.
13. Utilización das aulas virtuais como complemento da docencia presencial, nelas están dispoñibles para os alumnos as guías docentes.
14. Xornadas de orientación laboral e saídas profesionais da titulación.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

**1.- Incremento de grupos de docencia interactiva en 1º e 2º curso, unificando as materias técnicas.**

- **Punto débil:** Apréciase unha inadecuación nos grupos de docencia interactiva das materias técnicas da titulación en 1º e 2º curso, debido a que os postos nas aulas de informática en no Laboratorio da facultade son insuficientes (máximo de 20 alumnos por grupo).
- **Ámbito de aplicación**: 1º e 2º curso da titulación, nas materias técnicas.
- **Responsable:** Vicerreitorado de Titulacións, Decanato e Departamento.
- **Obxetivos específicos:** Maior calidade da docencia e atención máis personalizada de acordo co espírito do Espacio Europeo de Educación Superior ao dispor de grupos máis reducidos nos que cada alumno disporá de un ordenador ou dun posto individual no laboratorio da Facultade.
- **Actuacións a desenvolver:** Creación dun novo grupo de docencia interactiva por materia para adecuala aos espacios existentes nas aulas de informática e no laboratorio da Facultade (20 postos).
- **Período de execución:** curso 2013-2014.
- **Recursos/financiación:** No se precisan
- **Responsable do seguimento**: Coordinador de Grao, Decano do Centro.
- **Indicadores de execución:** Horarios da titulación e PDA.
- **Indicador final:** Modificación de horario.

**2.- Mejora de la coordinación de materias, tanto en el ámbito vertical (entre los diferentes cursos) como en el horizontal (en el mismo curso).**

- **Punto débil:** Irregular compromiso y participación del profesorado en la coordinación, aunque creciente. La intención es de lograr una plena motivación del profesorado en la coordinación de materias, aspecto en el que se ha avanzado bastante.
- **Ámbito de aplicación**: Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio.
- **Responsable:** Coordinación do Título, coordinadores de curso e profesores do Grao.
- **Obxetivos específicos:** Evitar solapamentos de contidos e competencias e procura de accións combinadas para acadar un maior desenvolvemento das materias técnicas.
- **Actuacións a desenvolver:** Reunións de coordinación entre os diferentes axentes implicados.
- **Período de execución:** curso 2013-2014.
- **Recursos/financiación:** No se precisan
- **Responsable do seguimento**: Coordinador de Grao e coordinadores de curso.
- **Indicadores de execución:** Calendario de reunións celebradas que se verán na aplicación existente ao efecto.

**3.- Creación dunha convocatoria de Fin de Grao**

- **Punto débil:** Tense observado como algúns alumnos non poden rematar o grao en tempo, de xeito que teñen que esperar un ano enteiro para poder finalizar o grao se lles queda tan só algunha materia pendente ou o traballo de Fin de Grao.

- **Ámbito de aplicación**: Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio.
- **Responsable:** Decanato e Vicerreitoría de Titulacións e Persoal Docente e Investigador.
- **Obxetivos específicos:** Creación dunha nova convocatoria no mes de Xaneiro para flexibilizar o calendario de graduación dos alumnos facilitándolles o procedemento para rematar os seus estudos.
- **Actuacións a desenvolver:** creación da convocatoria no mes de xaneiro.
- **Período de execución:** curso 2013-2014.
- **Recursos/financiación:** No se precisan
- **Responsable do seguimento**: Decanato e Vicerreitoría de Titulacións e Persoal Docente e Investigador.
- **Indicadores de execución:** convocatoria de Fin de Grao en Xaneiro.

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| | |

| Recursos humanos | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de "Persoal académico" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade do persoal académico e de administración e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **X** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

Indicadores de referencia:

| Código | Nome | Valor | Última explotación |
|---|---|---|---|
| IN23-PS-01 | Porcentaxe de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI con quinquenios | 82,61 | 02/10/2013-Anual-SIGC |
| IN24-PS-01 | Nº PDI doutor/Nº PDI total | 100 | 02/10/2013-Anual-SIGC |
| IN25-PS-01 | Relación porcentual entre o número total de PDI funcionario sobre o total de PDI | 91,3 | 02/10/2013-Anual-SIGC |
| IN29-PS-01 | Estudiantes por profesor | 5,57 | 02/10/2013-Anual-SIGC |
| IN30-PS-01 | Media de alumnos por grupo de teoría | 29,66 | 02/10/2013-Anual-SIGC |
| IN31-PS-01 | Media de alumnos por grupo de práctica | 21,03 | 02/10/2013-Anual-SIGC |
| IN50-S01-PM-01 | Satisfacción do alumnado coa docencia recibida | 3,87 | 02/10/2013-Anual-SIGC |
| IN51-S01-PM-01 | Satisfacción do profesorado coa docencia impartida | 2,89 | 02/10/2013-Anual-SIGC |

Reflexión:

O personal académico que imparte docencia no Grao de Xeografía e Ordenación do Territorio ten un grande compromiso coa docencia e a súa universidade, obtén moi boas valoracións dos alumnos, compaxina esta tarefa coa de investigación e a docencia en numerosos programas oficiais de posgrao. Este compromiso obsérvase no exitoso dos resultados malia á excesiva carga docente que está a soportar, superando a indicada por lei para os profesorado universitario. Isto acontece pola non reposición de vacantes por xubilación, circunstancia que está afectando moito ao Departamento que soporta o Grao, pois no último ano déronse tres baixas por xubilación e ningunha foi reposta. Isto é un feito particularmente relevante se o comparamos coa situación moito máis aliviada en canto a carga docente dos seus compañeiros de facultade das outras titulacións e á media da universidade. Por iso cabe demandar da universidade que na medida do posible poidan incorporarse novos docentes á titulación. A plantilla pode verse na web da USC: http://www.usc.es/gl/departamentos/xeografg/profesorado.html.
Os docentes son todos eles doutores e con contratos estables, excepto nun caso, formados e especialistas nas diferentes materias do Grao de Xeografía e Ordenación do Territorio, con ampla experiencia na docencia universitaria.
Algúns indicadores sobre a idoneidade do persoal que imparte a titulación son:
-A porcentaxe de PDI con sexenios obre o PDI con quinquenios, que ascende ao 82,61 no 2012-2013, marcando unha clara curva ascendente dende o curso 2009-2010 (Curso 2009-2010.- 76,9%; Curso 2010-2011.- 77,8%; Curso 2011-2012.-78,9%).
-A adecuación da súa experiencia cos ambitos de coñecemento asociados ao título non ofrece dúbida posto que todos eles imparten docencia desde hai varios anos no contexto formativo da Xeografía e o Ordenamento Territorial, o que leva a que un alto porcentaxe dos docentes sexan funcionarios (91,3 %) con alta cualificación docente e investigadora, aínda que se ten reducido a súa significació porcentual debido a que se mantén un único contratado e se produciron varias xubilacións non cubertas con novo persoal (curso 2009-2010.- 92,3; Curso 2010-2011.- 94,4 e Curso 2011-2012.- 94,7).
-Ao tempo que realizan de forma períodica programas de formación que lle permite actualizar o coñecemento así como os diferentes metodos de innovación docente (http://www.usc.es/gl/servizos/pfid). Programas de formación no que tamén habería que incluir os realizados polos PAS, que atenden ás necesidades do Grao de Xeografía e Ordenación do Territorio (http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/pas.html).

Todo isto se traduce nunha alta satisfacción do alumnado coa docencia recibida (3,87), por riba da media da USC (3,7), circunstancia na que inciden os factores comentados como a adecuada dimensión dos grupos de alumnos teóricos (29,66 alumnos por grupo) e prácticos (21,03 alumnos por grupo), así como a media de alumnos por profesor (5,57), aínda que neste último caso a titulación está na media da USC (5,6).
Sen embargo, e malia a todo o apuntado, a satisfacción dos docentes do grao coa docencia impartida (2,89 sobre un máximo de 5) non é tan elevada como a dos alumnos coa recibida. Isto non contradice ao bo espíritu de traballo e entrega do profesorado do Grao de Xeografía e Ordenación do Territorio, senón máis ben obecede a un creciente malestar entre o colectivo de profesores diante da perda de efectivos por xubilación (e varias máis que existen no horizonte de agosto de 2014) e a non reposición de prazas vacantes por parte da Universidade, o que leva a unha cada vez maior carga docente (xa superando o máximo legal establecido) e sen grandes perspectivas de que a situación se revirta a curto ou medio prazo.
A titulación tamén conta con persoal administrativo e de servizos suficiente para atender as súas necesidades de desenvolvemento.

**BOAS PRÁCTICAS:**

1. Actualización docente do profesorado mediante a realización de cursos de innovación docente (elaboración de guías docentes, cursos de plateformas virtuales ...), dentro do Programa de Formación e Innovación docente da USC.
2. Calendario de coordinación entre o responsable da titulación e os coordinadores de grao.
3. Reunión do coordinador da titulación co Decano do centro para ver a correcta evolución das ensinanzas.
4. Seguimento da docencia impartida polos profesores da titulación por medio dun sistema de control de firmas na aula, xestionado polo decanato.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

**1.- Potenciar a coordinación nos procesos docentes e administrativos.**

- **Punto débil:** Detectáronse desaxustes á hora de desenvolver unha actividade coordinada entre administración e docencia.
- **Ámbito de aplicación**: Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio.
- **Responsable:** Decanato e Xestora do Centro.
- **Obxetivos específicos:** Conseguir unha integración maior entre os procesos adminsitrativos e docentes.
- **Actuacións a desenvolver:** Unificación nun mesmo espazo do persoal administrativo do centro e o dos departamentos.
- **Período de execución:** curso 2013-2014.
- **Recursos/financiación:** No se precisan
- **Responsable do seguimento**: Decanato e Xestora do Centro.
- **Indicadores de execución:** Unificación de espazos.

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| | |

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

## Recursos materiais e servizos

*Valorarase o criterio de "Recursos materiais e servizos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade dos recursos materiais e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.*

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**

| Satisfactoria | X | Suficiente | B | Insuficiente | C | Ausencia de evidencias documentais | D |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:

Na actualidade a Facultade de Xeografía e Historia conta cunha dotación adecuada de recursos materiais e servizos necesarios para a impartición do título. Isto é extensible ao resto de titulacións que compartimos edificio, polo que os aspectos aquí desenvolvidos serán similares en todas elas.

Debemos sinalar que existe a necesidade de actualizar constantemente os recursos materiais para adaptalos ao sistema de ensino, o que leva a intentar aumentar os espazos para traballos e tutorías en grupos reducidos, polo que é necesario acondicionar de forma gradual, todas as aulas e espazos cuxas dimensións non se axustan de modo adecuado ás novas situacións que van xurdindo.

Así mesmo, débese ter presente que no caso dun edificio histórico, como é a actual Facultade de Xeografia e Historia, está en marcha un plan director co obxecto de abordar a rehabilitacion integral do edificio e adecualo perfectamente ás novas necesidades, aínda que debido a situación económica, as accións tenden á mellora de instalacións ou das súas infraestructuras de xeito gradual pero continuo, para levar a cabo o mentemento da construcción mentres non se produza a citada rehabilitación integral. A título de exemplo baste citar unha intervención que se está a levar no momento de redacción deste documento nas cubertas, que non deixan de ser actuacións de mantemento á espera dunha rehabilitación integral.

Esta condición patrimonial supón un problema para a accesibilidade de persoas con dificultades especiais, non obstante o edificio conta con dúas entradas, unha delas ao nivel da rúa, que posibilita o acceso das persoas con problemas de mobilidade reducida. Así mesmo conta cun ascensor que comunica as plantas principais da facultade e permite salvar os espacios non adaptados para estas necesidades especiais.

O edificio conta cun total de 19 aulas e 7 seminarios. Todos eles están dotados de sistemas de proxección dixital, conexión a internet e conexión wifi. Así mesmo cóntase cun laboratorio de prehistoria e xeografía, un aula de cartografía e tres aulas de informática cun total de 68 postos. Cabe destacar a reconversión da antiga aula de informática de acceso libre para alumnos a aula de docencia (é de maior tamaño) e a asignación da aula de docencia informática máis pequena para acceso libre (isto se fixo buscando unha mellor dotación para a docencia coa constatación que coa xeneralización dos portátiles nos alumnos e a rede wifi, o uso das aulas de informática de acceso libre tense reducido de xeito notorio). Así mesmo a biblioteca do centro dispón dunha dotación de fondos ampla (Fondos Bibliográficos, curso 2009-2010.- 114990 monografías e 2477 publicaciones períodicas, Curso 2010-2011. 121822 monografías; 2606, Curso 2011-2012.- 124113, e 2844 http://www.usc.es/export/sites/default/gl/goberno/vrcalidade/descargas/grao2012/Fondos_bibliogrxficos.pdf, con 428 prazas para usuarios que poden dispor de computadores de acceso libre para traballos individuais e computadores de préstamo. O descenso que reflexa a tasa de postos de lectura na biblioteca da Facultade (Curso 2009. 452. Curso 2010, 461 e Curso 2011, 428), (http://www.usc.es/export/sites/default/gl/goberno/vrcalidade/descargas/grao2012/Disponibilidade_de_postos_de_lectura_na_biblioteca_e_postos_del_lectura_por_estudante_TC.pdf) ven motivada polo proxecto de reforma levado a cabo la Sala de Lectura para adecuar as instalacións as demandas da sociedade actual, o que implica unha mellora dos servicios que explican esta pérdida mínima do seu aforo.

Por outro lado tamén cómpre indicar que existen mecanismos de reserva de espazos de traballo en grupo na Facultade, de xeito que se poidan traballar e desenvolver este tipo de competencias.

**BOAS PRÁCTICAS:**

1. Dotación e renovación de material informático en todas as aulas.
2. Financiamento do centro para os fondos da biblioteca e o material informático da mesma
3. Reforzo da rede wifi do centro
4. Mellora do sistema adquisición e de xestión de licencias dos programas informáticos manexados na docencia, en especial os relacionados coa docencia en Sistemas de Información Xeográfica.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

**1.- Posta en marcha dunha estación meteorolóxica nos tellados da Facultade.**

- **Punto débil:** A docencia interactiva na materia de Climatoloxía (2º de Grao) adolecía de materiais de

primeira man cos que traballar a docencia técnica interactiva.

- **Ámbito de aplicación**: Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio. Prácticas de diferentes materias da área de Xeografía Física, en especial Climatoloxía.
- **Responsable:** Decanato e Departamento de Xeografía.
- **Obxetivos específicos:** Dotar á docencia dunha ferramenta de primeira man para a explicación dos contidos prácticos de varias materias.
- **Actuacións a desenvolver:** Instalación dunha estación meteorolóxica nos tellados da Facultade e explotación dos datos obtidos en tempo real mediante procedementos informáticos.
- **Período de execución:** curso 2013-2014.
- **Recursos/financiación:** achegados polo Decanato da Facultade e polo Departamento de Xeografía dende os seus propios recursos ordinarios.
- **Responsable do seguimento**: Profesores responsables das materias de Xeografía Física.
- **Indicadores de execución:** Datos en tempo real e permanentes na web do departamento de xeografía (http://www.usc.es/xeograf/cumulus/index.htm).

**2.- Creación de espazos de traballo común para os alumnos da Facultade.**

- **Punto débil:** Os alumnos necesitan máis espazos de traballo en común e o centro non dispón deles, cando é necesario desenvolver este tipo de competencias, que son básicas na formación dos futuros egresados.
- **Ámbito de aplicación**: Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio e restantes títulos da Facultade.
- **Responsable:** Decano e Vicedecanato de Asuntos Económicos.
- **Obxetivos específicos:** Creación de espazos para o traballo en grupo por parte do alumnado.
- **Actuacións a desenvolver:** Xeneración de novos espazos para esta función, empregando o espazo deixado pola antigo servizo de reprografía da Facultade.
- **Período de execución:** curso 2013-2014.
- **Recursos/financiación:** achegados polo Decanato da Facultade e sufragado dende o seu orzamento ordinario.
- **Responsable do seguimento**: Decanato.
- **Indicadores de execución:** Existencia do espazo e utilización do mesmo polos alumnos.

**3.- Mellora e impermeabilización da cuberta do edificio e reparación das baixantes de pluviais.**

- **Punto débil:** Existencia de goteiras e filtracións de augas en diferentes lugares do centro.
- **Ámbito de aplicación**: Cubertas e baixantes de pluviais da Facultade.
- **Responsable:** Decano e Vicerreitorado de Infraestructuras.
- **Obxetivos específicos:** Evitar filtracións de auga e o deterioro do inmoble.
- **Actuacións a desenvolver:** Reparación do tellado e dos baixantes de pluviais.
- **Período de execución:** curso 2013-2014.
- **Recursos/financiación:** Orzamentos dependentes da planficación de obra RAM da Universidade.
- **Responsable do seguimento**: Decanato e Vicerreitoría de Infraestructuras.
- **Indicadores de execución:** Solución ao problema das filtracións de auga.

**4.- Subsitiución dunha das antigas aulas de informática por outra mellor dotada e con máis postos.**

- **Punto débil:** Número insuficiente de postos de traballo dotados de ordenador na aula actual
- **Ámbito de aplicación**: Facultade
- **Responsable:** Decanato.
- **Obxetivos específicos:** Optimizar recursos e mellorar a docencia.
- **Actuacións a desenvolver:** Substitución dunha das aulas actuais de informática por outra de maiores dimensións.
- **Período de execución:** curso 2013-2014.
- **Recursos/financiación:** Accións de Mellora financiadas pola Universidade.
- **Responsable do seguimento**: Decanato.
- **Indicadores de execución:** Cambio de aula.

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| | |

## Resultados previstos

*Valorarase o criterio de "Resultados previstos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Análise e utilización dos resultados para a mellora dos programas formativos" e "Publicación da información e rendición de contas sobre os programas formativos" do Programa FIDES-AUDIT.*

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**

| Satisfactoria | X | Suficiente | B | Insuficiente | C | Ausencia de evidencias documentais | D |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

Indicadores de referencia:

| Código | Nome | Valor | Última explotación |
|---|---|---|---|
| IN40- S01-PM-01 | Taxa de Rendemento | 67,81 | 02/10/2013-Anual-SIGC |
| IN41- S01-PM-01 | Taxa de éxito | 83,54 | 02/10/2013-Anual-SIGC |
| IN42- S01-PM-01 | Taxa de avaliación | 81,17 | 02/10/2013-Anual-SIGC |
| IN44- S01-PM-01 | Duración media dos estudios | 4 | 02/10/2013-Anual-SIGC |
| IN45- S01-PM-01 | Eficiencia dos titulados | 93,33 | 02/10/2013-Anual-SIGC |
| IN46- S01-PM-01 | Taxa de abandono durante o primeiro curso | 37,29 | 02/10/2013-Anual-SIGC |

Reflexión:

